



19 XUÑ. 2015

PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE NAVIA

A Secretaría de Goberno local,
POL

PRIMEIRA.- OBXECTO

O Concello de Vigo é titular do inmoble situado na Rúa da Pedra Seixa, 37 (36212 Vigo), destinado á prestación do servizo público de escola infantil de primeira etapa (0-3 anos).

O obxecto deste contrato é a prestación da xestión parcial, nos termos nos que se describe no presente prego e no de cláusulas administrativas, do servizo da Escola Infantil Municipal Navia, que se prestará no citado inmoble e que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nel, tanto nos aspectos educativos que entran dentro das competencias do que a Lei Orgánica 2/2006 de educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE), define como primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescripcións administrativas. O contido mínimo e características xerais do servizo a prestar descríbense pormenorizadamente no Anexo I do presente prego "Normas xerais de organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais dependentes do Concello de Vigo".

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ESCOLA

A nova EIM Navia, conta con tres aulas, unha por cada nivel 0-1, 1-2 e 2-3. No Anexo II deste Prego preséntanse os planos referidos a este inmoble municipal. Na organización das aulas, programación de actividades, horarios, baixas, etc, atenderase ao establecido no Proxecto Educativo de Centro (PEC) que será redactado polo licitador (de conformidade co indicado na cláusula Cuarta deste Prego), e no Regulamento de Réxime Interior (RRI) que será redactado polo Concello, no contexto do disposto no Anexo I do presente Prego e coa normativa vixente.

Ten unha capacidade máxima de 40 alumnos en presenza simultánea, en cada quenda. A capacidade total está en relación coa matrícula real nas distintas quendas, sen que se poida sobrepassar os máximos legalmente establecidos.

Os centros disponen de servizo de cociña equipada e comedor propio dende o que se ofertarán, por conta do adxudicatario, os seguintes servizos: almorzo, xantar e merenda, axeitados ao horario de funcionamento.

TERCEIRA.- DEPENDENCIA DA ESCOLA

A EIM citada desenvolverá unha actividade educativa municipal dependente orgánicamente do Servizo de Educación do Concello de Vigo e será xestionada parcialmente mediante contrato de servizos con empresa ou entidade nos termos contidos neste Prego de prescripcións e nos seus anexos. Esta actividade desenvólvese no inmoble de titularidade municipal citado na cláusula primeira deste Prego.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión 29/04/2015 15:43 Páxina 1 de 4

Expediente 17043-332

Código de verificación 28E43-C05B4-8E235-B2D2C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CUARTA.- REFERENCIAS TÉCNICAS

O adxudicatario aterase ao contido nas Normas Xerais incluídas como Anexo I do presente prego. Non embargantes, presentará obligatoriamente na súa oferta a seguinte documentación:

1.- PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Presentarase necesariamente coa seguinte estrutura e epígrafes, aos que o licitador engadirá, se o considera oportuno, outros baixo o epígrafe xenérico de Outros, como derradeiro apartado do PEC aportado.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

19 XUÑ. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O. [Firma]

I. Análise do contexto

a. Características do centro

- Titularidade e financiamento.
- Número de unidades.
- Situación xeográfica.
- Descripción breve das instalacións.
- Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos
- Proxección social do centro na zona.
- Relación coas familias.
- Recursos e materiais.
- Calendario e organización do horario.

b. Características do alumnado.

- Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos.
- Características das familias.
- Tipo de relacións entre o alumnado.
- Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta.
- Procedementos de información ás familias.

c. Características do persoal que traballará nos centros.

- Numero e funcións.
- Formación.
- Forma de traballar.
- Distribución das tarefas.
- Mecanismos de información entre o persoal.
- Mecanismos de formación do persoal
- Criterios que se seguen para a distribución do alumnado.
- Criterios de avaliación

d. Características do contorno.

- Situación.
- Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas.
- Lingua empregada.
- Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas.
- Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno.
- Relación con outros centros.
- Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural.

II. Definición da escola.

- Confesionalidade da escola.
- Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística
- Liña metodolóxica.
- Coeducación: a educación para a igualdade.





- Colaboración cos pais e nais.

III. Obxectivos e programación

- Pedagóxicos
- Administrativos
- Organizativos
- Institutionais
- Lingüísticos

IV. Programas de actividades

- Relacións coa comunidade. Desenvolvemento e aspectos educativos das saídas.
- Con pais e nais.
- De inserción no territorio.
- Normalización lingüística.
- Coeducación: a educación para a igualdade.
- Aplicación de novas tecnoloxías
- Temporalización.

V. Estrutura organizativa.

Organización do centro para o logro dos obxectivos.

- Asignación de educadores aos grupos.
- Número de educadores por grupo.
- A dimensión do grupo.
- A composición do grupo.
- A titoría na escola infantil.
- A utilización dos espazos escolares.
- O equipamento, recursos e materiais didácticos necesarios para a execución de a oferta presentada

2. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O Concello redactará o Regulamento de Régimen Interno conforme ao recollido no artigo 10.5 das Normas incluídas no ANEXO I do presente Pregón.

3. MATERIAL DIDÁCTICO

O Concello achegará un máximo de 12.000,00 euros no primeiro ano do contrato a favor do adxudicatario para a adquisición da dotación inicial de equipamento necesario para o funcionamiento da EIM (material didáctico, material funxible, material de oficina non inventariable, material de menaxe de cociña, material de lenzaría e estores). Dentro dos tres primeiros meses de vixencia do contrato, o adxudicatario deberá xustificar esta cantidade mediante a presentación das correspondentes facturas xustificativas, copia das cales quedarán en poder da concellería de Educación. Complementariamente achegará unha relación (inventario) do material e equipos resultante destas adquisicións, que se unirá ao inventario xeral da Escola infantil municipal.

Nembargantes o licitador poderá presentar unha relación de material e equipamento didáctico que, sen estar incluído no citado inventario, considere necesario para realizar as actividades previstas no PEC proposto e que aportará ao inicio do contrato.

QUINTA.- SEGUIMENTO TÉCNICO DO CONTRATO

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

19 XUÑ. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O. 00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 29/04/2015 15:43

Páxina 3 de 4

Expediente 17043/332

Código de verificación: 28E43-CC5B4-8E235-B2D2C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



O Concello de Vigo realizará, a través do Servizo de Educación, o seguimento do contrato, solicitando á empresa adxudicataria cantos documentos e informes resulten necesarios para o seu control. Así como para o control de materiais, profesorado, alumnado, horario e servizos que deberán axustarse á oferta e ao indicado neste prego de condicións.

O servizo, en todas as súas manifestacións, orais e escritas de xestión e de información, entre outras, terá que prestarse en lingua galega.

A empresa adxudicataria deberá presentar anualmente unha memoria de actividades, así como a programación do curso seguinte e calquera outro documento que se solicite para a actualización do proxecto educativo e de xestión do centro.

Vigo, 27 de abril de 2015

O TÉCNICO SUPERIOR DO SERVIZO DE EDUCACIÓN

Ignacio Ojea Pérez

SEGUEN ANEXOS

Anexo I.- Normas xerais da rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo

**APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA**

19 XUÑ. 2015

**A Secretaría de Goberno Local,
P.O.**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 17043/332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión 29/04/2015 15:43

Código de verificación 28E43-CC5B4-9E235-B2D2C

Página 4 de 4